


**O EMPREGO DA LISTA DE CORREO
ELECTRÓNICO DA PLATAFORMA TEMA
EN TRES CURSOS DA LICENCIATURA DE
FILOLOXÍA INGLESA: MODO DE
GARANTIR A ORGANIZACIÓN DE CURSOS
MIXTOS, PRESENCIAIS CON APOIO
VIRTUAL.**

Eduardo José Varela Bravo
Dpto. Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá,
Universidade de Vigo.
Xornadas de Innovación Educativa.



RESUMO.

- *Un problema habitual no proceso actual de cambio do sistema tradicional presencial a un sistema combinado cun forte compoñente virtual é o de garantir o seu coherencia e a súa organización globais. Nos momentos actuais, o risco de confusión e de mala interpretación do uso das plataformas de apoio son grandes, tanto pola estrutura orixinal dos cursos: problemas de matriculación progresiva durante meses , mantemento de exames finais etcétera como pola de falta de familiarización cos recursos informáticos das Tics. Un uso eficaz da lista de correo electrónico, incorporando un boletín de clase de forma regular cun resumo do impartido e algún comentario e información adicionais axuda a salvar a distancia e a posible escisión entre a clase na aula e os materiais de apoio en liña, co que se mellora o resultado final do curso.*
- *Esta achega baséase nunha experiencia persoal comezada no curso 2006-07 e continuada este ano nos cursos de Inglés 1, Gramática Inglesa e Gramática Inglesa Seminario da licenciatura de Filoloxía Inglesa.*



PLANO DA PRESENTACIÓN.

- 1.- Breve descripción do problema.
- 1.1.- Cursos e planos de estudos terminais.
- 1.2.- Incerteza sobre os novos graos e posgraos.
- 1.3.- As novas metodoloxías educativas e as novas condicións sociais e económicas.
- 1.4.- O proceso impulsado polos acordos de Bolonia.
- 1.5.- Obxectivos da innovación

- 2.- A orixe da experiencia. Obxectivos, proceso e resultados.
- 2.1.- O boletín como reflexo dun curso dinámico e con iniciativas novas.
- 2.2.- Breve discusión dos contidos e forma do boletín.
- 2.3.- Funcionalidade do boletín.
- 2.4.- Os resultados conseguidos. Resultados aínda por acadar.

- 3.- A xeito de conclusión.
- 3.1.- Racionalización no emprego de recursos
- 3.2.- Cambio metodolóxico e creatividade.
- 3.3.- Inglés, Humanidades e Tecnoloxía.

- 4.- Referencias.
- 4.1.- Materiais deste experiencia.
- 4.2.- Referencias sobre o contexto educativo actual.
- 4.3.- Referencias específicas.



1.- BREVE DESCRIPCIÓN DO PROBLEMA.

- Esta proposta é unha iniciativa persoal que ten o obxectivo de proporcionar un vínculo entre as materias: *Lingua Inglesa I* (Primeiro ano), *Gramática Inglesa* (Cuarto ano) e *Gramática Inglesa Seminario* (Quinto ano) da Licenciatura de Filoloxía Inglesa -que inicia a súa fase terminal neste curso académico- e os novos graos que comezan a implantarse no curso 2010-11, especialmente o novo grao de linguas modernas. O profesor destas materias non só non quere desentenderse destas materias aínda vixentes senón que pretende aproveitar este momento de transición para introducir cambios que permitan aos seus alumnos e alumnas estar o mellor preparados que sexa posible cara aos novos graos e as materias de novo deseño.



1.1.- CURSOS E PLANOS DE ESTUDIOS TERMINAIS.

- Na Universidade de Vigo os estudos de Filoloxía Inglesa seguiron 2 planos dende 1992: 1992-2001 e 2001- . Estes planos respondían as directrices do Ministerio: créditos, trazados, ciclos, doutoramento e a reforma Ects dende o 2004-05
- As materias desta experiencia presentan características herdadas. Son presenciais e hai un sistema de avaliación oficial final sobre temario, ademais das actividades do curso que cada profesor determine. Nos últimos anos o interese, asistencia e participación do alumnado nas clases descendeu. A docencia a organización e a avaliación destas materias resentíuse polo tanto aínda que sexan fundamentais da licenciatura.



1.2.- INCERTEZA SOBRE OS NOVOS GRAOS E POSGRAOS.

- Dende fai anos xa o alumnado que accede ao primeiro ano de Filoloxía Inglesa mostra inquietude polo seu futuro académico e persoal.
- O debate dos novos graos preséntalles dúbidas sobre a viabilidade e utilidade das materias que cursan e tamén sobre a validez e aplicabilidade do título da licenciatura.
- Nesta situación longa de transición hai xente que cambia de estudos, e outra que os relativiza de xeito considerable.
- Ás veces a situación fai pensar no antigo estudante libre a tempo parcial que vai botando cursos fóra segundo conveniencia e necesidade.



1.3.- AS NOVAS METODOLOXÍAS EDUCATIVAS E AS NOVAS CONDICIÓNS SOCIAIS E ECONÓMICAS.

- As licenciaturas tradicionais das Filoloxías vense afectadas tamén polos novos intereses educativos e sociais que piden en moitos casos estudos máis prácticos.
- As novas orientacións metodolóxicas tanto xerais e educativas como específicas do Inglés fan do proceso de autoaprendizaxe, da supervisión do titor e do coñecemento práctico das habilidades (competencia) os elementos centrais.
- As novas metodoloxías aportan no só novos instrumentos senón tamén novos medios de difusión e socialización dos coñecementos e novos tipos de cursos: os cursos en liña, normalmente presentados como unha combinación de parte presencial e parte virtual



1.4.- O PROCESO IMPULSADO POLOS ACORDOS DE BOLONIA. I.

- O proceso de converxencia europeo non é só un sistema de equivalencia de títulos europeos. Supón tamén un cambio radical no deseño dos cursos.
- A participación nestes cursos presupón unha capacidade alta de auto organización por parte do alumnado.
- Cada curso presenta unha serie de actividades a realizar de xeito progresivo polos alumnos supervisado e coordinado polos profesores. O exame final tradicional e o sistema de clase maxistral como elemento fundamental da docencia xa non son os elementos centrais.
- As clases presenciais combínanse con traballos prácticos individuais e en grupo. Cada alumno ten que presentar evidencias do seu traballo para superar o curso.



1.4. O PROCESO IMPULSADO POLOS ACORDOS DE BOLONIA. II

- O sistema de traballo contempla normalmente tanto o contacto persoal e o recurso habitual ás plataformas de docencia en liña e outros recursos informáticos.
- Un coñecemento memorístico o repetitivo dunha materia queda completamente descartado.



1.5.- OBXECTIVOS DA INNOVACIÓN. 1.

- Se as materias das licenciaturas tradicionais se limitan a reproducir o sistema tradicional de asistencia esporádica ás clases, a asimilación dun temario teórico e algún exercicio práctico e un exame final conxunto entón pérdese non só os coñecementos das materias en sí senón tamén unha posible conexión entre o aprendido nelas, a realidade do traballo e dos novos cursos que comezan no 2010. O alumnado tería que reconverterse de xeito persoal e traumático de forma moi rápida para poder sacar algún proveito e ser considerados competitivos.



1.5.- OBXECTIVOS DA INNOVACIÓN. 2.

- Por todo isto, este profesor decidiu aproveitar na medida do posible todas as posibilidades da Plataforma de apoio á docencia da Universidade de Vigo (Faitic-Tema) dende o curso 2005-06.
- Primeiro como depósito de materiais de traballo de libre acceso para os alumnos dos cursos.
- Despois como parte central da organización virtual do curso: Plataforma e blog de cada materia dende o curso 2006-2007.
- Despois como lista de distribución de mensaxes, de material complementario e dun boletín de curso periódico (comezado tamén no curso 2006-07)
- Despois como introdución progresiva de tarefas e actividades en liña como reforzo dunha estrutura tradicional en precario.



1.5.- OBXECTIVOS DA INNOVACIÓN.3.

- De tal xeito que todo estudante realmente interesado en aprender poda aproveitarse destes cursos de tal xeito que o impacto da implantación dos novos graos non lle prexudique nin no coñecemento do Inglés nin nas novas formas de participación nos cursos de novo deseño.
- O obxectivo final garantir a docencia, aproveitar o período de transición para innovar e reforzar a estrutura de materias que podían quedar demasiado en precario.
- O boletín cumpre a función de resumo do discutido nas clases presenciais, de discusión de problemas que xorden durante o curso e garante información fiable das actividades para todo o alumnado vaia a clase ou non.



2.- A ORIXE DA EXPERIENCIA.

- A finalidade inmediata de “ter a todo o mundo informado do que pasaba en clase,” alentar á participación e o debate, completar información, e recalcar o interese do profesor por unha materia que tiña que ser refundida en novos cursos xa está discutida tanto en sí mesma como no contexto do emprego estendido da Plataforma de apoio da universidade e doutras formas.
- O software persoal empregado é unha combinación de Word ou equivalente, Paint, ou editor de imaxes similar e hipervínculos a blogs e páxinas webs. Todo gratuíto e asequible a todo o estudante na mesma universidade. Este ano incorpórase o editor de PDF para coidar o aspecto visual e a edición de tiras cómica e debuxos.



2.- A ORIXE DA EXPERIENCIA 2.

- A lista de distribución é a proporcionada polo correo web da Plataforma Tema, que permite engadir documentos. Os alumnos que accederon ao curso e incorporaron un enderezo de internet reciben o boletín cando sae. Unha copia queda sempre nos documentos da Plataforma. Vexamos un exemplo.
- <http://faitic.uvigo.es>



2.1.- O BOLETÍN COMO REFLEXO DUN CURSO DINÁMICO E CON INICIATIVAS NOVAS.

- Malia que pertencentes á un plano de estudos en extinción os contidos, competencias e obxectivos das materias desta experiencia son plenamente funcionais e sometidas a procesos de actualización e revisión constantes.
- Estas materias na súa docencia precisan da discusión de moitos casos particulares e o recurso a fontes complementarias de ampliación de coñecementos.
- O primeiro obxectivo do boletín é presentar unha síntese do discutido en clase, presentar casos prácticos e máis exemplos e remitir a outras referencias e temas de interese.



2.1.- O BOLETÍN COMO REFLEXO DUN CURSO DINÁMICO E CON INICIATIVAS NOVAS. 2

- Deste xeito o alumnado que asiste a clase con regularidade pode contrastar e completar o material explicado con máis notas e referencias.
- Pode tamén a organizar o seu traballo persoal de xeito máis efectivo, xa que o boletín é unha instrumento para organizar as ideas e comprobar o estado de explicación da materia de forma periódica
- Pode acadar tamén unha visión máis completa da estrutura de cada curso e do papel e importancia que ten os distintos elementos que o integran: a clase presencial, o traballo persoal, a titoría, a discusión no foro.



2.1.- O BOLETÍN COMO REFLEXO DUN CURSO DINÁMICO E CON INICIATIVAS NOVAS. 3

- O alumnado que non ven a clase regularmente e que ten que presentarse a un exame final pode beneficiarse tamén do boletín de clase se mantén contacto periódico co profesor xa sexa en titoría o por medio do correo electrónico e se traballa con seriedade.



2.2.- BREVE DISCUSIÓN DOS CONTIDOS E FORMA DO BOLETÍN. 1.

- O boletín periódico e parte dunha experiencia máis ampla formada tamén pola confección dun blog de cada materia, un emprego regular sistemático da axenda e dos anuncios da plataforma Tema e unha presentación en PowerPoint semanal na clase presencial. No primeiro ano o boletín abarcaba funcións que hoxe en día atópanse no blog e nas presentacións de clase.
- Nun primeiro intre, ademais do resumo, comentario e ampliación da clase, o boletín incluía unha tira cómica e moitos vínculos a páxinas de Internet que podían ser de utilidade.



DIAGRAMA.

O curso virtual:

- Axenda e anuncios.
- Lista de distribución.
- Boletín periódico.
- Blog da materia.

O sistema de clase:

Clase presencial:

- Temario.
- Presentación na clase. Vínculos Web.
- Prácticas.
- Traballo persoal tutelado/ exercicios.
- Sistema de avaliación ou sistema de exame final sobre temario.



TUTORÍAS.

- No despacho.
- Consultas Internet.

Inglés 1. Gramática Inglesa. Gramática Inglesa Seminario.

2.2.- BREVE DISCUSIÓN DOS CONTIDOS E FORMA DO BOLETÍN. 2.

- Neste curso o boletín está especializado en facer un resumo do dado en clase, aclarar dúbidas e facer comentarios sobre aspectos organizativos do curso e do auto estudio, normalmente con dos artigos nunha páxina.
- <http://fatic.uvigo.es>
- <http://englishfirstyear.blogspot.com>
- <http://englishgrammarfourth.blogspot.com>
- <http://englishgrammarseminar.blogspot.com>
- Un alumno que consulte o boletín tería que ser capaz tanto de organizar o seu estudio según o ritmo do curso, aclarar dúbidas e sentir o estímulo de empregar a web para ampliar coñecementos. Debería sentirse tamén alentado no emprego dos ordenadores no estudio.
- O boletín presenta unha combinación de texto con imaxes de clipart.



2.3.- FUNCIONALIDADE DO BOLETÍN.1

- Cada boletín compre coas función seguintes.
- Precisa e completa o dado en clase. A primeira innovación é o emprego da Plataforma para consolidar os apuntes e exercicios e exames tradicionais.
- Proporciona regularidade ao curso.
- Incide sobre a necesidade de auto estudio como primeiro paso para acceder a cursos de novo deseño.
- Suxire a posibilidade de cambiar de xeito progresivo as actividades tradicionais polas dos cursos en liña.



2.3.- FUNCIONALIDADES DO BOLETÍN 2..

- Vai introducindo a plataforma de apoio de xeito progresivo e fomenta o uso dos ordenadores.
- Fomenta a experimentación e uso creativo e docente dos medios informáticos.
- Supón unha práctica adicional de lingua: lectura e expresión.
- Apunta a novas formas de comunicación e relación sociais.
- Tería que servir de estímulo e alento ao alumnado dunha licenciatura en extinción xa que supón o emprego dos instrumentos dos cursos de novo deseño.



2.3. FUNCIONALIDADES DO BOLETÍN 3.

- Non baixa a calidade e efectividade da docencia tradicional, supón unha medida práctica de reforzo de cursos fundamentais nun momento de transición, proporciona riqueza e variedade ao curso, alenta a expresión creativa, a práctica do inglés e a familiarización coa potencialidades dos cursos en liña e as posibilidades da web 2.0.



2.4.- OS RESULTADOS CONSEGUIDOS. OS RESULTADOS AÍNDA POR ACADAR. 1

- Neste segundo ano de emprego do boletín nos cursos
- O esquema de docencia tradicional baseado na clase presencial conta cun sistema de reforzo na plataforma de apoio Tema consolidado co respecto a materiais, lista de distribución, boletín, blog e exercicios, de tal xeito que un sistema baseado na avaliación continuada por medio dun sistema mixto presencial en liña no que o alumno levase estudio guiado é perfectamente posible. De certo, as materias de gramática recomendan e fomentan a confección dun traballo persoal tutelado fronte ao exame tradicional.



2.4.- OS RESULTADOS CONSEGUIDOS. OS RESULTADOS AÍNDA POR ACADAR. 2

- Un grupo de alumnos aínda reducido vaise incorporando á experiencia de xeito progresivo e con resultados cada vez mellores. Estes alumnos non só acadan o que podían esperar dun curso tradicional senón que empezan a estar preparados para os novos cursos e graos e o uso das novas tecnoloxías.
- Os alumnos que non son capaces ou non queren ou poden incorporarse ao novo sistema, como mínimo están informados da marcha do curso dos contidos, explicacións e actividades. O boletín ten que servirles de axuda para a superación dos cursos.... Sempre que inclúan os seus datos nas listas de distribución.



2.4.- OS RESULTADOS CONSEGUIDOS. OS RESULTADOS AÍNDA POR ACADAR. 3

- Queda aínda por acadar unha participación activa por parte dos estudantes e unha mellor uso dos recursos en liña da Plataforma.
- Con iniciativas deste tipo cursos en extinción cumpren a dobre función de garantir a transmisión de coñecementos tradicionais e tamén de preparar ao alumnado nos novos cursos.



3.- A XEITO DE CONCLUSIÓN.

- Máis aló da necesidade básica de garantir un mínimo de calidade en cursos terminais que corrían o risco de impartirse en condicións precarias por demasiado tempo (uns 5 anos aproximadamente), gustaríame resaltar tres aspectos con brevidade.



3.1.- RACIONALIZACIÓN NO EMPREGO DE RECURSOS.

- Un momento de transición como o actual pode levar a desorientación e a dispersión de esforzos. Tamén a infrautilización de moitos recursos de última xeración tanto na universidade como na rede que son gratuítos.
- Aproveitar todos estes recursos tratando de mellorar os cursos tradicionais non é unha perda de tempo nin na educación dada ao alumnado das materias nin no esforzo dedicado polo profesor para poñerse ao día nas novas tecnoloxías e métodos, xa que está facendo investigación cara á docencia.
- Esta consideración aplícase no só as materias específicas do Inglés. Iniciativas deste tipo constitúen unha actualización de competencias e coñecementos globais.



3.2 CAMBIO METODOLÓXICO E CREATIVIDADE.

- No contexto dos novos graos e cursos baseados en competencias, a experimentación cos recursos da plataforma de autodocencia supón tamén non só unha aplicación mecánica das novas tecnoloxías senón un cambio de mentalidade. O estudo do Inglésponse en relación con outros saberes, habilidades e competencias. De este xeito fomentase a iniciativa persoal, a expresión a experimentación e a creatividade en Inglés e con Inglés como meta lóxica neste tipo de materias.



3.3.- INGLÉS, HUMANIDADES E TECNOLOXÍA.

- Finalmente, este tipo de iniciativas pode axudar a superar a visión estendida de que os estudos humanísticos son pouco prácticos e perpetúan un saber transmitido. Facer innovacións empregando os recursos libres da Web 2.0 e deseñando novos materiais para a docencia deste tipo de materias –por non mencionar o emprego de recursos estatísticos, bases de datos e demais- supón ver o estudio das materias da Licenciatura de Filoloxía Inglesa dende unha perspectiva máis acorde cos tempos e intereses actuais. Non só un coñecemento teórico, senón tamén un coñecemento aplicado, creativo e útil.



4.- REFERENCIAS.1

- 4.1.- Materiais desta experiencia.
- Materias: Inglés 1.
- : Gramática Inglesa.
- : Gramática Inglesa Seminario.
- Faitic e blogs: <http://faitic.uvigo.es>
- <http://englishfirstyear.blogspot.com>
- <http://englishgrammarfourth.blogspot.com>
- <http://englishgrammarseminar.blogspot.com>



4.2. REFERENCIAS.2.

- 4.2.- Referencias sobre o contexto educativo actual.
- Nas páxinas web da Universidade de Vigo e da Facultade de Filoloxía e Tradución atópase os documentos fundamentais do actual proceso educativo:
 - -Cursos de formación na Universidade de Vigo e plataformas e blogs sobre innovación docente e relacionadas.
 - -Material e formación na Plataforma Tema Faitic.
 - Planos de estudos en vigor.
 - Documentos claves sobre a reforma Ects, o proceso de converxencia y directrices sobre os novos graos e posgraos.
 - Documentos das axencias: Aneca, Acsug e outras informacións e directrices.
 - Publicacións da Vicerreitoría de Formación e Innovación Educativas da Universidade de Vigo. Libros e publicacións periódicas.



4.3.- REFERENCIAS.3.

- 4.3.- Referencias específicas.
- Este profesor ten en conta neste tipo de iniciativas tanto a información específica sobre a docencia do Inglés e o emprego de recursos en liña co respecto ao Inglés (tanto publicacións como blogs, páxinas webs e plataformas) como a formación sobre o deseño de novos cursos e aplicacións das novas tecnoloxías á docencia (cursos, xornadas, congresos, publicacións, información na rede) que recibe na Universidade de Vigo dende fai anos. En caso de interese, o enderezo xde contacto é: evarela@uvigo.es
- De tódolos xeitos a iniciativa realizada non segue ningún modelo ou método en particular senón que foi deseñada para estes casos concretos coa dobre función de resolver as necesidades inmediatas e innovar, polo que non se menciona ningunha obra ou modelo en concreto.



Eduardo José Varela Bravo.
Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá.
Universidade de Vigo, 2 Decembro 2008

